



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 24/01/2018 10:09:54

ENTRADA 926 / RX 188507



Secretaría Nacional
liza@cig-ensino.gal
Tel: 981576800

SOLICITUDE DE NEGOCIACIÓN DA APLICACIÓN DA PNL SOBRE O ENSINO DA HISTORIA DA FILOSOFÍA EN 2º DE BACHARELATO

Sr. Conselleiro

O 18 de outubro de 2017 o Pleno do Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade unha Proposición Non de Lei (PNL) de iniciativa popular para recuperar o estudo da Filosofía no Bacharelato como materia troncal.

O punto 1 desa PNL instaba á Consellaría a *“No marco das súas competencias, realizar as adaptacións necesarias para incluír na oferta educativa do bacharelato a obrigatoriedade da Historia da Filosofía como materia troncal”*.

A día de hoxe a Consellaría de Educación non deu traslado a esta organización sindical de ningunha proposta conducente a aplicar ese acordo. Tendo en conta as datas nas que estamos e, sempre que a vontade real da Consellaría sexa executar o acordo do pleno do Parlamento, faise necesario acometer con suficiente tempo unha negociación sobre os cambios a facer no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza.

Por este motivo, solicitámoslle que a Consellaría dea os pasos oportunos para, canto antes, negociar na Mesa Sectorial unha proposta de modificación da norma legal que regula o currículo de Bacharelato, evitando deste xeito crear confusión e incerteza no profesorado de Filosofía, no do resto de materias que se verían afectadas polos cambios nos horarios, nos equipos directivos para a organización do curso escolar 2018/19 e no propio alumnado que cursa actualmente 1º de Bacharelato.

Reciba un cordial saúdo.

Compostela, 24 de xaneiro de 2018

Xesús Bermello García
Secretario Nacional CIG-Ensino

**CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U.
EDIFICIO ADMINISTRATIVO SAN CAETANO. SANTIAGO DE COMPOSTELA**